

MOCIÓN DE AER SOBRE BARRERAS ARQUITECTÓNICAS

PLENO 30 NOVIEMBRE 2011. ACTA 21/2011

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución Española de 1978 no seu art.9, parágrafo 2º, di:

“Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social”

Recollendo o mandato constitucional, a *Lei de Integración Social do Minusválido (LISMI)* destina oito artigos a regular a prevención e supresión de barreiras nos ámbitos de urbanismo, edificación e transporte. No Título IX , baixo o epígrafe *"Movilidad e Barreiras Arquitectónicas"*, a LISMI define as barreiras urbanísticas coma aqueles obstáculos que dificultan ou impiden a libre circulación nas vías e espazos públicos e establece que a súa planificación e urbanización se efectuará de forma tal que resulten accesibles e utilizables para os minusválidos (art. 54-1º), incluíndo previsións sobre a adaptación gradual do xa construído (55-1º), a cuxo efecto establécese a obriga dos Entes Públicos en xeral (55-1º), e dos Concellos en particular, de destinar una porcentaxe dos seus presupostos a tal finalidade.

Xa pasaron moitos anos dende a aprobación da LISMI. Normas e disposicións de todo rango, especialmente dende Comunidades Autónomas, saíron ao paso das dificultades existentes, buscando solucións. Avanzouse, sen dúbida. Pero aínda é claramente insuficiente para garantir que as persoas con discapacidade poidan desenvolverse normalmente.

A través desta moción, o noso obxectivo é **loitar contra a discriminación e a favor da accesibilidade universal**. Debemos garantir, asegurar e facer respectar o dereito e a igualdade de oportunidades de ditas persoas discapacitadas, xa que constitúen un sector da poboación heteroxéneo que precisan de garantías suplementarias para poder vivir con plenitude de dereitos, e participar en igualdade de condicións co resto de cidadáns no desenvolvemento económico, social e cultural da comunidade. Para ditos efectos, enténdese por **igualdade de oportunidades**, a ausencia de toda discriminación, directa ou indirecta, por razón ou motivo, de ou sobre a base de discapacidade, incluída calquera distinción, exclusión ou restrición que teña por propósito e obxectivo o de obstaculizar ou deixar sen efecto o recoñecemento, gozo ou exercicio en igualdade de condicións polas persoas con discapacidade, de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais nos ámbitos político, económico, social, cultural, civil ou doutra forma.

Así como a adopción de medidas de acción positiva destinadas a previr ou compensar as desvantaxes dunha persoa con discapacidade para participar destes ámbitos. Na maioría das ocasións, as persoas que non sufrimos tales limitacións non somos conscientes das barreiras e obstáculos que diariamente se atopan estas persoas, que lle impiden levar unha vida independente tendo que necesitar da axuda doutros, o que nos fai *corresponsábeis de dita*

discriminación social. Esta situación non atende os principios de vida independente, á normalización, ó deseño para todos, ó diálogo civil e a transversalidade das políticas en materia de discapacidade.

A falla de mobilidade é un problema moi grave con repercusións en moitas facetas na persoa. Implica non poder desprazarse, non poder comer só, non poder facer a compra, non poder saír a pasear, non poder visitar a un amigo... As persoas que necesitan cadeira de rodas ou bastóns, precisan duns espazos mínimos para poder manobrar. Isto non implica obrigatoriamente maior superficie, senón unha axeitada distribución e uns accesos adaptados e prácticos. A mellora de ditos accesos debe ser acorde e axeitada, coa súa debida anchura, inclinación e lonxitudes técnicas, para que cumpran a súa *función real* debidamente, xa que en moitos dos casos, **a pesar da existencia dos mesmos, son inútiles**. Deste xeito, as persoas agora afectadas e condicionadas na súa vida diaria, poderán desenvolver con total **liberdade, igualdade e indiscriminación** as actividades cotiás, coma calquera outro cidadán.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello os seguintes **acordos**:

Instar ao Goberno Local a:

- **Cumprir a LISMI no referente ás barreiras arquitectónicas das súas rúas, principalmente nas zonas de actividade comercial dos núcleos urbanos do concello.**
- **Crear ou mellorar a habilitación dos accesos, entradas, beirarrúas, e ramplas, para que permitan a libre circulación das persoas discapacitadas nas proximidades e arredores das zonas educativas, sanitarias, culturais e de recreo (centros escolares, ambulatorios, zonas de actividades deportivas, parques, xardíns...).**
- **Adicar unha partida orzamentaria con tal fin, tal como establece a Lei.**
- **Convidar aos comercios locais que non teñan a obriga de cumprir esta normativa a que sexan partícipes deste labor social, a que habiliten os seus establecementos para que o colectivo de persoas con discapacidade non se atope con limitacións á hora de desenvolver as súas actividades esenciais e cotiás."**

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, a Corporación, en votación ordinaria e por 19 votos a favor (10 do PP, 8 do PSdeG-PSOE e 1 de AER) e 2 abstencións (BNG) acordou aprobar nos seus propios termos a moción transcrita.